

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO PARA A CALIDADE TURÍSTICA ESPAÑOLA PARA O PROXECTO "IMPLANTACIÓN E CERTIFICACIÓN: S SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA E Q CALIDADE TURÍSTICA RECURSOS DE XESTIÓN PÚBLICA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO 2024"

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto para a Calidade Turística Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por o outorgamento dunha subvención directa ao ICTE para o desenvolvemento do proxecto "Implantación e Certificación: S Sustentabilidade Turística e Q Calidade Turística", que desenvolve actuacións nos seguintes ámbitos de xestión pública:

- Espazos públicos senlleiros
- Oficinas de Información Turística
- Museos
- Instalacións Náutico Deportivas
- Albergues
- Praias
- Transporte Turístico
- Espazos Naturais Protexidos
- Visitas turísticas
- Outros servizos turísticos de xestión pública que poidan xurdir

O devandito proxecto artículase nos seguintes compoñentes:



1. Implementación de estándares de calidade Q de Calidade Turística e S de Sustentabilidade Turística en organizacións turísticas na contorna dos roteiros do Camiño de Santiago.
2. Selección de novas organizacións beneficiarias e as certificadas que así o desexen.
3. Sesión informativa inicial conxunta: novas organizacións e xa certificadas.
4. Implementación de ferramentas para a mellora da calidade e sustentabilidade en 160 organizacións/recursos peticionarios.
5. Seguimento presencial e online de avances e asesoría online e telefónica.

O obxectivo será traballar con 160 implantacións de xestión pública (40 para "Q Calidade turística" e 120 para "S Sustentabilidade Turística"), prioritariamente distribuídos polos 61 municipios, inicio e/ou fin de etapa dos 10 Camiños a Santiago, cun obxectivo de certificación de 20 novas marcas "Q Calidade Turística" e 80 novas marcas "S Sustentabilidade Turística", antes do prazo de finalización do presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O ICTE é unha institución española, privada, independente e sen ánimo de lucro creada polas asociacións empresariais do sector turístico, co fin de promover, estender e apoiar a difusión de sistemas de calidade específicos no ámbito turístico. Ten



como obxecto fundamental o desenvolvemento de sistemas e procesos de calidade, sustentabilidade e mellora continua para o sector turístico actuando, entre outras funcións, como entidade certificadora recoñecida da marca Q Calidade Turística e S Sustentabilidade Turística, cuxa administración e xestión ten encomendada de maneira exclusiva, xestionando o sistema de empresas adheridas ao uso das marcas ás que prové de servizos.

O ICTE ten entre os seus obxectivos para este ano 2024 e no marco do Sistema de Calidade Turística Española, estender a cultura da calidade e sustentabilidade entre os axentes turísticos en colaboración coas distintas administracións públicas, así como o desenvolvemento de actuacións dirixidas a promocionar os valores e garantías que ofrecen a marca Q Calidade Turística e a marca S Sustentabilidade Turística, entre os consumidores de servizos turísticos.

Terceiro.- Que o Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2023 aprobou o **Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027**, no que se recolle, na súa liña estratéxica L.E.2. Un camiño sustentable, a xestión sustentable dos Camiños de Santiago como reto na experiencia do usuario/a do peregrino/a e novas fórmulas innovadoras.

Que a calidade e a sustentabilidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúen unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego, motivo polo que se impulsa a adopción de criterios de xestión de calidade e sustentabilidade por parte dos distintos axentes turísticos, promovendo a obtención da marca Q de Calidade Turística e a marca S de Sustentabilidade Turística que outorga o ICTE e a promoción destas entre os usuarios turísticos.

Cuarto.- O proxecto "Implantación e Certificación: S Sustentabilidade Turística e Q Calidade Turística" inclúe actuacións en diferentes ámbitos de xestión pública en municipios que son inicio e/ou final de etapa dos Camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Vía da Prata, Camiño Primitivo, Camiño de Inverno, Camiño do Norte, Camiño Inglés, Camiño de Fisterra e Muxía, Roteiro do Mar de Arousa e Río Ulla, Camiño Portugués e Camiño Portugués da Costa):

- Espazos públicos singulares
- Oficinas de Información Turística
- Museos e sitios patrimoniais



- Instalacións Náutico Deportivas
- Albergues
- Praias
- Transportes Turísticos
- Espazos Naturais
- Visitas turísticas
- Outros servizos turísticos de xestión pública que poidan xurdir

O Camiño de Santiago é o principal roteiro de peregrinación europea e unha das máis importantes no mundo. Anualmente, recibe máis de 300.000 peregrinos de todas as nacionalidades ao longo dos seus diferentes roteiros ou camiños.

O Camiño é un destino en si mesmo e numerosos negocios de pequeno e mediano tamaño se articulan ao redor deles para prover ao camiñante e turista de todo tipo de servizos (aloxamento, servizos de información turística etc.)/ etc.)

Polo impacto que o Camiño de Santiago ten a nivel rexional, nacional e en visitantes de todo o mundo, é fundamental seguir traballando na mellora da calidade e a sustentabilidade dos diferentes servizos ofrecidos, concretamente, na implantación de requisitos Q Calidade Turística e S Sustentabilidade Turística. Do mesmo xeito, é agora máis que nunca relevante promocionar, promover, discriminar positivamente a aqueles servizos turísticos que ofrecen aos seus visitantes a mellor calidade e sustentabilidade da contorna, e que contribúen por tanto ao posicionamento de Galicia como destino de calidade turística sustentable.

O proxecto contempla a implementación de requisitos de calidade e sustentabilidade nos distintos sectores turísticos, anteriormente mencionados, ao longo das etapas dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia

Que a través deste convenio, outórgase ó Instituto para a Calidade Turística Española unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

